

PAU 2026
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Pregunta 1. Reflexión crítica de fontes de información (2,5 puntos)

O papel da muller na Idade Moderna

Identificación das informacións erróneas (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

“No caso das nobres, estas responsabilidades incluían o traballo con tecidos, o que activou a industria téxtil do momento”.

Erro 2:

“Debido á importancia do catolicismo, as mulleres debían saber ler”.

Explicar os erros detectados (ata 1,5 puntos).

Argumentos explicativos do erro 1:

- Tarefas como o fiado ou bordado quedaban no ámbito doméstico como unha actividade aconsellable para as mulleres de posicións elevadas e necesaria para as mulleres de sectores máis humildes.
- Como colectivo social privilexiado, as mulleres nobres non realizaban traballos produtivos, e moito menos labores artesanais como o tecido, nin participaron en ningunha actividade económica que exixise do traballo manual, o que era visto como un estigma.
- O papel das mulleres nobres estaba ligado á xestión doméstica, maternidade, educación refinada (música, poesía) e ao mantemento do prestixio familiar.
- As tarefas téxtiles femininas non sempre eran remuneradas, polo que non conectaban co tecido industrial de maneira sistemática.
- As mulleres non impulsaron, como colectivo, a industria téxtil, nin puxeron en marcha empresas como tales de maneira xeneralizada.
- Aínda que as mulleres podían chegar a participar do proceso téxtil, a industria estaba capitalizada por empresarios e comerciantes masculinos.
- As mulleres que participaban no proceso produtivo téxtil no ámbito doméstico non pertencían aos grupos sociais privilexiados e a súa actividade era principalmente para o autoconsumo; non obstante, as mulleres dos grupos sociais privilexiados podían realizar tarefas non produtivas.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita tres argumentos e/ou, cita dous e desenvolve con certa profundidade un deles.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

Argumentos explicativos do erro 2:

- A meirande parte das mulleres na Modernidade eran analfabetas. De feito, só as mulleres nobres e burguesas tiñan acceso a aprendizaxe da lectura e da escritura.
- O catolicismo estaba interesado en que as mulleres souberan os principios básicos da fe e actuaran como boas cristiás, pero non na súa educación, de feito nunca procurou a alfabetización dos seus crentes, ora homes, ora mulleres.
- A lectura feminina podía chegar a considerarse perigosa, en tanto que concedía unha liberdade ás mulleres para acceder a textos non relixiosos e, en consecuencia, que pasaran a ler textos non convenientes ao seu sexo e función social.
- As mulleres privilexiadas recibían unha educación “refinada” pero as non privilexiadas apenas tiñan acceso á instrución.
- A maioría das mulleres estaban relegadas ao ámbito privado e non tiñan formación suficiente para ler nin para escribir; só sabían rezar por transmisión oral.
- Ningún colectivo “debía saber ler” durante a Idade Moderna, coa única excepción do clero secular, que por outra banda só estaba formado por homes.
- O ideal de muller, exposto por exemplo en *La perfecta casada*, de Frei Luís de León, reducía a educación feminina a determinados labores domésticos que fixesen dela unha abnegada muller, submisiva e obediente; o único que tiña que saber era manter o fogar, coidar aos fillos e ás fillas e contribuír ás actividades domésticas; ler non estaba entre esas tarefas.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita tres argumentos e/ou, cita dous e desenvolve con certa profundidade un deles.

Ademais das opcións propostas, valorarase positivamente calquera outra coherentemente razoada e axustada ao contido da pregunta.

Redacción correcta dos erros (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

“As mulleres non realizaban traballos téxtiles nin participaban na industria; estas tarefas eran propias das mulleres non privilexiadas”.

Erro 2:

“Só algunhas mulleres privilexiadas tiñan acceso á lectura, mentres que a maioría carecía de formación.”

Ademais das opcións propostas valorarase positivamente calquera outra coherentemente redactada que se axuste a algún dos argumentos dados polo alumnado no apartado anterior.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

Pregunta 2. Análise comparativa (2,5 puntos)

2.1. Compare as características do Socialismo e do Anarquismo durante a segunda metade do século XIX:

Moi deficiente (0)	Resposta sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta. Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple.
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: Algunhas semellanzas: <ul style="list-style-type: none">- Resposta ás duras condicións laborais: os dous buscan mellorar salarios, xornadas e dereitos.- Organización colectiva: en asociacións, sindicatos, folgas... para defender os dereitos laborais aínda que a forma de facelo é distinta.- Crítica ao capitalismo: os dous consideran que xera explotación e desigualdade e buscan superalo pero por vías moi distintas.- Rexeitamento da sociedade liberal burguesa: consideran que só beneficia á burguesía excluindo ao proletariado.- Internacionalismo: ambos participan na Primeira Internacional e comparten a idea de que a loita obreira debe ser global e non só nacional.- Obxectivo común: emancipación da clase traballadora. Algunhas diferenzas: <ul style="list-style-type: none">- A súa visión do Estado: para o socialismo é unha ferramenta para transformar a sociedade polo que hai que conquistalo e utilizalo; mentres que para o anarquismo é o inimigo e debe abolirse desde o primeiro momento.- A estratexia política: o socialismo participa na política creando partidos e sindicatos mentres que o anarquismo rexeita toda participación electoral.- Os métodos de loita: sindicatos, folgas reguladas e reformas graduais por parte do socialismo; e folga xeral revolucionaria e incluso a práctica da “acción directa” por parte do anarquismo.- O obxectivo revolucionario: revolución planificada e organizada do socialismo fronte a unha revolución inmediata, espontánea e sen dirección central por parte do anarquismo. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas, e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado
--	--

* No caso de que se desenvolva a pregunta dunha maneira teórica e non comparativa, aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que os da táboa deseñada para a pregunta no seu formato comparativo. **É dicir, o alumnado poderá optar á máxima cualificación no caso de desenvolver, axeitadamente, unha pregunta teórica.**

** No caso de que o alumnado deixara en branco a pregunta ponderarase a cualificación que debería ter obtido conforme as notas das outras tres preguntas do exame (Véxase excel adxunto). No caso de que a nota ponderada sexa inferior a 5 a cualificación desta pregunta será de 1,25.

2.2. Compare as características ideolóxicas e apoios dos bandos Republicano e Sublevado durante a Guerra Civil:

Moi deficiente (0)	Resposta sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta. Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: Algunhas semellanzas: - Lexitimación propia. Os dous se consideran lexítimos: a República afirma defender a legalidade constitucional fronte a unha rebelión militar; os sublevados afirman representar á “verdadeira España” e definen a guerra como un “Alzamento Nacional”. - Ampla mobilización social. Os dous bandos mobilizan sectores sociais moi diversos, con intereses e motivacións distintas. - Apoio internacional. Cada bando recibe axuda exterior. - Uso da propaganda. Ambos empregan propaganda e linguaxe simbólica para lexitimarse: “defensa da democracia” fronte a “cruzada”, “anti-España”, “marxismo”. Algunhas diferenzas: - Lexitimidade e obxectivos. República como garante da legalidade fronte aos “salvadores da verdadeira España”. - Composición social. Apoio maioritario á República por parte das clases populares urbanas e rurais, movemento obreiro, intelectuais... Apoio aos sublevados por parte da oligarquía agraria, clases altas, boa parte do exército e a Igrexa. - Proxecto político: defensa da democracia por parte da República e instauración dun réxime autoritario por parte dos sublevados. - Uso da violencia: descontrolada nos primeiros meses por parte da República; e sistemática e planificada desde os militares sublevados.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	<p>- Organización interna: fortes divisións no seo da República fronte á unificación forzosa por parte dos sublevados para eliminar a pluralidade política.</p> <p>- Organización militar: organización moi homoxénea desde o principio, cun exército centralizado e disciplinado, con oficiais profesionais ao mando fronte á organización descoordinada e un exército indisciplinado e máis heteroxéneo, formado en gran parte por milicias populares.</p>
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta.
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas.

* No caso de que se desenvolva a pregunta dunha maneira teórica e non comparativa, aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que os da táboa deseñada para a pregunta no seu formato comparativo. **É dicir, o alumnado poderá optar á máxima cualificación no caso de desenvolver, axeitadamente, unha pregunta teórica.**

3. Comentario de texto histórico (ata 2,5 puntos)

3.1. O sistema electoral segundo Valentí Almirall (1889):

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	<p>-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25.</p> <p>-O texto/autor critica o sistema electoral da Restauración.</p> <p>-Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5.</p> <p>-O texto/autor denuncia diferentes estratexias de fraude electoral aplicadas no réxime da Restauración / a corrupción e falsa democracia do sistema político canovista.</p> <p>-O texto aborda a denuncia do sistema electoral fraudulento da Restauración borbónica, no que as eleccións eran manipuladas polo Ministerio de Gobernación e polos caciques.</p>
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	<p>-Situación na súa etapa histórica: ata 0,2.</p> <p>Restauración Borbónica.</p> <p>-Etapa histórica + cronoloxía precisa: ata 0,3.</p> <p>Restauración Borbónica (1874-1902) / Reinado de Afonso XII e Rexencia de María Cristina de Habsburgo.</p> <p>-Etapa histórica + cronoloxía precisa+ autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5.</p> <p>Restauración Borbónica (1874-1902). Valentí Almirall ofrece unha mirada crítica do sistema caciquil e corrupto que caracterizaba a vida política da Restauración.</p>
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	<p>-Resposta básica: ata 0,5.</p> <p>-Explicación xenérica do sistema electoral da Restauración.</p>

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	<p>-Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1.</p> <p>-Explicación detallada do funcionamento do sistema electoral: proceso electoral, métodos de fraude, caciquismo, pucheirazo, encaixado (<i>encasillado</i>).</p> <p>-Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5.</p> <p>-Ademais do esixido no punto anterior, afóndase na manipulación sistemática das eleccións / faise referencia ao control desde arriba: ministerio de Gobernación que elabora o encaixado e “fabrica” a oposición para manter a ficción de pluralismo / destácase o papel dos caciques e da violencia electoral (“Partido da Porra”) / afóndase na análise e uso do documento e na súa autoría: Valentí Almirall, federalista catalán crítico co centralismo, escribe coa clara intención de denunciar a corrupción electoral e a falta de representación política real.</p>
--	--

3.2. Normas para a escola primaria (1939):

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	<p>-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25.</p> <p>-O texto/autor apoia os principios nacional-católicos no ensino.</p> <p>-O texto trata a reorganización da escola española tras a Guerra Civil baixo os principios do nacional-catolicismo.</p> <p>-Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5.</p> <p>-O texto/autor dá argumentos a favor dese modelo de ensino.</p> <p>-O documento deixa claro o rexeitamento á escola republicana e a vontade de instaurar unha educación confesional e patriótica.</p>
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	<p>-Situación na súa etapa histórica: ata 0,2.</p> <p>Franquismo.</p> <p>-Etapa histórica + cronoloxía precisa: ata 0,3.</p> <p>Franquismo (1939-1975).</p> <p>-O documento sitúase en 1939, inicio da ditadura franquista, nunha etapa marcada polo illamento, a represión e a imposición da moral católica.</p> <p>-Etapa histórica + cronoloxía precisa + autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5.</p> <p>-Franquismo (1939-1975). O documento evidencia os principios ideolóxicos do réxime (fascismo, catolicismo, antiliberalismo).</p> <p>- A educación pasou a estar controlada pola Igrexa e polo Estado, que buscaban formar “españóis fondos, crentes e patriotas austeros”.</p> <p>-A intencionalidade é claramente propagandística e adoutrinadora, orientada a eliminar o modelo laico republicano e substituílo por unha escola confesional, patriótica e disciplinada.</p>

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

<p>Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)</p>	<p>-Resposta básica: ata 0,5. -Xeneralidades sobre as características e/ou institucionalización do réxime franquista.</p> <p>-Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1. - Faise fincapé na fin da escola laica e a restauración da relixión / no culto ao Caudillo e a propaganda política / no papel da escola como espazo heroico e militarizado indicativo do carácter belicoso da educación franquista inicial / na presenza constante dos símbolos nacionais como ferramenta de adoutramento da infancia / no control moral e relixioso (profesorado como axente relixioso).</p> <p>- O documento exemplifica o nacional-catolicismo, un dos piares ideolóxicos do franquismo, que unía o poder político coa Igrexa e convertía a educación nun instrumento de control social.</p> <p>Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5. - Asemade do esixido no punto anterior, afóndase na análise e uso do documento no comentario para explicar os principios ideolóxicos do franquismo visibles no texto e a utilización da educación polo réxime para impulsalos.</p>
---	---

4. Comentario de táboas de datos (2,5 puntos)

4.1. Propietarios e valor dos bens desamortizados entre 1836 e 1867 (en millóns de reais):

<p>Análise dos datos (entre 0 e 1)</p>	<p>-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25. -Resultados das desamortizacións levadas a cabo en España entre 1836 e 1867.</p> <p>-Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0,5. -Institucións afectadas e ingresos obtidos a raíz das desamortizacións de Mendizábal, Espartero e Madoz. -Obsérvase que no primeiro período os bens afectados só son eclesiásticos e nas seguintes fases exprópanse inmobles de institucións civís.</p> <p>-Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1. -Ademais do sinalado no apartado anterior, incídese no feito de que a primeira etapa afecta exclusivamente ao clero mentres que a segunda repercute especialmente nos concellos. -Ademais do sinalado no apartado anterior, valórase / conclúese que o sector máis afectado foi o eclesiástico e o menos a beneficencia.</p>
<p>Explicación do contido (entre 0 e 1,5)</p>	<p>-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos.</p>

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	<p>-Mención xenérica dos obxectivos, bens afectados e resultados das desamortizacións.</p> <p>-Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto.</p> <p>-Explicación dos obxectivos concretos perseguidos polas diferentes desamortizacións, das características específicas dos bens afectados en cada unha delas, dos resultados das mesmas (como medida política, desde o punto de vista socioeconómico e cultural).</p>
--	--

4.2. Evolución do gasto social público en España (en miles de pesetas)

<p>Análise dos datos</p> <p>(entre 0 e 1)</p>	<p>-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25.</p> <p>-Aumento do gasto social na España da Transición.</p> <p>-A táboa mostra a evolución do gasto social público en España entre 1975 e 1980, en miles de pesetas.</p> <p>-Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0,5.</p> <p>-Crecemento exponencial do gasto en materia social trala caída do Franquismo a prol da articulación do Estado do Benestar.</p> <p>-Obsérvase que eses gastos gardan relación co investimento en sanidade e educación, pero tamén coa protección cara os sectores máis vulnerables da poboación e a súa falta de acceso ao e/ou saída do mercado laboral.</p> <p>- A idea principal é o forte incremento do gasto social en todas as partidas durante os primeiros anos da Transición.</p> <p>-Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1.</p> <p>- O documento reflicte un crecemento moi intenso en todas as áreas: as pensións multiplican; a Sanidade triplica; Educación case cuadriplica; o Desemprego multiplica por máis de dez; as incapacidades teñen un aumento moderado; e a Asistencia Social pasa a máis do dobre.</p> <p>-A tendencia xeral é un forte incremento do investimento social, especialmente en pensións, educación, sanidade e desemprego.</p>
<p>Explicación do contido</p> <p>(entre 0 e 1,5)</p>	<p>-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos.</p> <p>- Mención xenérica dos sectores sociais afectados polas reformas da Transición e/ou das medidas favorecidas no ámbito do desenvolvemento socioeconómico da poboación.</p> <p>- Construción dun Estado social e democrático de Dereito, o que implicaba ampliar dereitos sociais e modernizar servizos públicos.</p>

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	<p>-Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto.</p> <p>-Afondar nas causas do aumento do gasto social: a crise económica dos anos 70; a Constitución de 1978 que obriga a construír un Estado social; a necesidade de lexitimar a democracia mediante políticas sociais; a modernización do Estado impulsada polos Pactos da Moncloa.</p> <p>-Mencionar algúns obxectivos como crear unha rede de protección social; reducir desigualdades; adaptar España aos estándares europeos...</p> <p>-Indicar algunhas consecuencias como a mellora do benestar social; aumento do gasto público; ou a consolidación dun modelo de Estado do Benestar, reforzado nos anos 80.</p>
--	--

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.